

Onde habitan os mortos? Que tipo de vida cabe imaxinar nesa dimensión? Calquera proposta vai estar baseada nos parámetros do noso mundo físico e espiritual, mesmo partindo das visións máis delirantes. Os mundos de Alemparte van paralelos ao actual, coas mesmas regras físicas, só que o ser humano carece de data de caducidade; e nada acontece, só queda agardar o que xamais vai acontecer. A inmortalidade, diría J. L. Borges, só pode ser un inferno pola nosa incapacidade de vivila cos parámetros físicos e mentais que posuímos. Pero tamén unha aporía: non estamos feitos para a inmortalidade. Como din algúns dos personaxes que transitan os mundos que nos mostra Manuel Lourenzo neste volume de textos moi heteroxéneos, o tempo non se conta, os días non corren.

Semella que os mortos habitan un mundo paralelo, no que a condena consiste en padecer o padecido, en podrecer padecendo o padecido, mentres a memoria nos devolve, con insistente recorrencia os momentos que aumentan esa padecemento. Aínda que outras veces os mortos vagan sen cesar, sen rumbo, sen memoria, alleos ao pasado e ao futuro, inmersos nun presente que se demora ata o infinito. Camiñan polo deserto, agardan un tren, acoden a unha cita, carrexan unha bolsa co lixo..., se máis, sen referentes, a veces co único auxilio dunha memoria fuxidía e tramposa.

Claro que cabe outra posibilidade. Peter Brook, no seu libro de memorias, *Threads of time*, lamentaba a imposibilidade de contar a súa vida polo miúdo, pois precisaría outras vidas para escribirla. A eternidade, como a inmortalidade, é un instante, esa fracción de segundo no que os pasados, os presentes e os futuros, todas as posibilidades dos cosmos se funden nunha visión imposible de imaxinar. Supón a liberación suprema e a desaparición no ser na enerxía cósmica. Un estado de conciencia supraomnisciente que dura un instante, pois abunda con ese instante para acadar aquilo que os budistas denominan nirvana. Frank Herbert, no inicio da súa memorable saga, *Dune*, recuperaba o rito da "auga da vida" en Arrakis, que permitía que as Reverendas Nais se transmitisen un mundo compartido de imaxes, sentimentos, vivencias e historias acumuladas na conciencia colectiva desde tempos inmemoriais. Esa forza poderosa tamén asomaba na fin de 2001: *Unha Odissea no Cosmos*, pero tamén nunha película recente, un western atípico titulado *Blueberry*, dirixido por Jan Kounen, a partir dun cómic de Moebius (fascinante!!!). Está ambientado nas terras dos Apaches Chiricahuas, unha tribo que habita os territorios de Arizona e Novo México e que mantén ritos iniciáticos próximos aos dos Tarahumaras (veciños a pesar das fronteiras dos exércitos), e que conducen á morte do corpo físico; película relacionada con *A Toupa* de Alejandro Jodorowsky, presentada a finais dos sesenta en plena febre lisérxica e budista. Cabería entón preguntarse polo mundo que habitan os mortos, pola súa aparencia e polas normas da súa mutabilidade ou pola aporía que implica a súa inmutabilidade. Son estas cuestións provocadas por algunhas escenas

que integran a *Crónica funesta de alemparte*, todas marcadas pola recorrencia da derrota.

Diferente orientación teñen as breves escenas que se agrupan en *Eclipses*. Dezaioito situacións tiradas da vida cotiá, recuperadas de textos coñecidos como Hamlet e Macbeth ou referidas a persoas como Mozart ou Bernhard e a personaxes históricos como Alexandre o Grande ou Pedro Pardo de Cela. Se o eclipse se entende como o fenómeno

consistente na ocultación ou desaparición transitoria, total ou parcial, dun astro ou corpo celeste ao quedar tapado por outro, quizais poidamos entender estes eclipses como unha sorte de nova focalización para mostrar o que adoita quedar oculto ou nun segundo plano, ou para por de relevo todo aquilo



Teatro de defuntos

Paisaxes das xentes de Alemparte



MANUEL F. VIEITES

que pasa desapercibido. Así acontece na escena titulada "Astucia", que nos ofrece unha visión ben curiosa da vella peripecia de Hänsel e Gretel. Pero nesas breves escenas, tamén imos atopar a explicación dun momento transcendental da vida dos seres convocados: trátase dunha recreación que nos axuda a entendelos mellor. Mozart, por exemplo.

LOURENZO, Manuel, *Eclipses*, Compostela, Edicións Laiovento, 2006, 180 páxinas.

A prea

A triloxía complétase cunha peza na que Manuel Lourenzo volve sobre teimas vellas: as relacionadas coa situación, perspectivas e finalidades do teatro galego actual. Recrea nesta peza, de título tan preciso, o suposto estado de corrupción ética en que ten derivado un ámbito da política teatral do país, sobre todo aquel que se configura nos niveis intermedios da toma de decisións, onde se manifestan xogos de relación e poder con que se concibe e pon en marcha un repertorio, cos que se deciden elencos, agasallos e prebendas. Claro que ao final, considerando as liñas grosas con que se recrean personaxes e as súas relacións, non queda máis solución que pensar que preas somos todos:

faceedores dun teatro de defuntos, de mortos en vida.

Cabezas aparece como teatrólogo e móstrase como un ser aberrante, que persegue a dirección da Comedia Nacional, e non deixa de ser significativo que un Teatro Nacional derive en Teatro Cómico, quizais porque, pensa o autor, todo ese mundo sexa cousa de risa. Logo temos a Renata, profesora, publicista e dramaturga, que, á maneira dunha edra que procura sen pausa extensión e altura, posúe o seu propio ámbito de poder, e que está disposta a facer o que dicten as sempre cambiantes circunstancias para aumentar a tallada do seu ego. Finalmente Óscar, o actor que sempre acaba perdendo, quizais porque os actores sexan simples retallos de carne para encarnar personaxes. Tres personaxes nos que estamos representados todos nós, e que poden dar lugar a xogos un tanto morbosos, adiviñando quen poida ser quen no mundo real.

Porén, fronte a esa apocalipse debemos afirmar que no teatro galego hai xentes de ben. Teatrólogos, dramaturgas, actores... que teñen a pretensión de facer ben o seu traballo. Se non fose así, hai tempo que teríamos abandonado este mundo. Hai futuro..., pois claro!